

coma de posibles diverxencias de posturas e matices. Tamén é algo escusable dado o carácter de introdución que conforma o libro.

Con todo, trátase dunha obra para ler con gusto, cunha linguaxe

traballada, con cada tema acompañado de textos para reflexionar e traballar en grupo, é dicir, un libro de capital referencia para todos aqueles que desexen aproximarse ao complexo mundo da bioética.

José Manuel Caamaño López

Victorino Pérez Prieto Contra a síndrome NNA

Edicións Xerais de Galicia, 2005
Colección Ensaio, 384 pp.

Nesta nosa Galicia, de non moitos lectores, o noso colaborador Victorino Pérez non se desanima e pón no mercado este libro novo do que nos facemos eco. Cando llo presentei en Lugo, dicía, e digo agora, que antes de falar desta obra é preciso falar do autor, porque o seu escrito non é máis ca unha emanación das súas angueiras. Penso que, cando el escribe, non é tanto por facer gala de prurito intelectual, sen que nisto desmerezca, senón que trata de que o seu traballo pastoral deixe pegadas e memoria. Non é nin quere ser un cura calquera; é dese tipo de xente que non acouga na vulgaridade. Por exemplo, non é cousa de moito status ser cura dunha pequena parroquia da Pastoriza; pero el tratou de converter iso en algo socialmente interesante: estudantes de Salamanca ían visítalo por ver o que podía facer un cura novo perdido na montaña. Non andaba lonxe de Lugo e soubo entrar no xornal *El Progreso* para darse unha segunda existencia alén da Lagoa. Logo, chegou a Ferrol e non se conformou con ser cura de Catobois senón que saíu facer faena en prazas alleas aos seus límites parroquiais, pero

sen descoidar estes. E con risco: non é doado ser cura dunha parroquia ferrolá, ter unha freguesía maiormente tradicional, con querenzas á dereita (os da outra querenza non van á Igrexa) e tratar de reflexionar con estímulos de esquerda. Cun obxectivo claro: se non o queren escoitar na súa igrexa parroquial, que o lean nos xornais. Loxicamente, tamén alí escribe habitualmente na prensa local. Pois ben, froito de todo o seu esforzo por non asolagarse na vulgaridade pastoral é este libro que aquí presentamos: unha escolma dos moitos artigos xornalísticos que Victorino foi sementando ao longo do seu labor de anos.

Pero, atención, ser unha escolma non quere dicir que o autor xuntase, sen máis, elementos dispersos nun único volume. Evidentemente, teñen unha orde moi clara e foron escollidos con moito coidado para que o lector poda adquirir unha axeitada e completa visión de conxunto de cada un dos temas que trata. Non é unha simple colección de escritos máis ou menos vellos; é o froito de moitas reflexións para poñernos en situación diante desta

sociedade que nos toca vivir onde moitos teñen perdido o sentido tan positivo da utopía. Diante da síndrome perniciosa do NNA (non hai ningunha alternativa), Victorino entra en rebeldía e bota man do moito que leva escrito para explicarnos, como tina feito desde outra perspectiva Ignacio Ramonet, que non temos por que nos conformar cun pensamento único paralizante. Por non perder a visión pastoral, os textos ofrecidos son sinxelos, doados de ler para un habitual dos xornais e están articulados arredor de cinco eixes temáticos moi expresivos:

1. Unha mostra de persoeiros, algúns deles anónimos, que o autor foi atopando ao longo dos anos e nel deixaron especial pegada. A comezar por dúas figuras bíblicas e a rematar cunha apaixonada lembranza dun seu irmán que vive xa no seo do Misterio. Polo medio, eu recomendo o recordo dunha poeta popular, sinxela e con moita sensibilidade.

2. Unha mostra de persoeiros e amigos: entre algún músico e algún xornalista, atoparedes un expresivo escrito dedicado ao rezador Cunqueiro e unha lembranza moi oportuna para o cura da bicicleta, lugués de moito horizonte. A min gustóume especialmente o dedicado a Modesto, un curaalcalde recto e xusto que foi maltratado por un xornalista da Voz (daquela) que non era farina de bo pan, escribía ben pero sempre triturou e esmagou a pouca verdade da que era capaz: como Tori di, Carlos Luís Rodríguez era de brillante superficialidade.

3. Un percorrido por artigos de fonda (e sinxela) reflexión sobre os grandes problemas fundamentais da humanidade: vivir, consumir e afrontarse á morte. Non se priva Victorino de remexer pola Socioloxía e a Psicoloxía ata chegar garbosamente á Teoloxía. Aquí acouga mellor.

4. Xesús de Nazaré. Curiosamente, sen renunciar aos seus saberes bíblicos, o noso autor non escapa dunha linguaxe moi actual: o cine. Porque non hai moita xente (e menos entre o clero) que saiba recoller esta forma de falar que entende axiña calquera persoa minimamente cultivada.

5. Por fin, ven topa coa Igrexa. E non cala. *Xa non podemos calar* (graciñas por lembrarme). Alí podedes atopar o artigo que lle da título a todo o libro. Outro mundo é posible, di a mocidade rebelde. Outra Igrexa é posible, dicimos moitos crentes. E Victorino engade, con frase afortunada: *non é imposible que sexa posible cambiar mundo é Igrexa*.

En fin, un libro no que é doado atopar axiña cada un dos temas que lle poden interesar ao lector e que se converte, por tanto, nunha especie de pequena enciclopedia moi útil para quen busque unha luz na escuridade que nos abura.

E remato cunha observación que máis dunha vez lle teño feito ao autor e tamén ao amigo: nunca deixa de poñer unha miguíña de apoloxética que a min sempre me amola, pero, nada, son cousas miñas ás que non ten por que facer moito caso. E non o fai.

Bernardo García Cendán